

INTERVENCIÓN DE PABLO LÓPEZ VIDAL NA COMPARECENCIA A PETICIÓN DO GOBERNO SOBRE O PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA (12-12-07)

Señorías.

Señora conselleira, eu tamén quixera empezar –como fixo vostede– polas cifras, pola fría estadística, pero fría estadística que nos fala de persoas, de seres humanos e que nos evidencia un grave problema que, como dixo vostede, é un grave problema pero é de todos e de todas.

Nos dicen que no século XX, no pasado século, morreron neste globo terráqueo 35 millóns de persoas por accidentes de tráfico; pode ser un país enteiro arrasado. É a cuarta causa de mortalidade no mundo. Nós cremos, con vostede e como todos os membros desta Cámara e como todas as personas deste país, que é imprescindible frear dunha vez por todas esta sangría, o trauma dos cristais rotos: vidas destrozadas, familias desestruturadas, alteración brusca dos proxectos de vida e unha afección singular –como vostede moi ben destacaba–, sobre todo a xente moza, unha incidencia especial na xuventude. Pero non con isto queremos, como así fixeron outros en tempos pasados, nin demonizar nin culpabilizar. Estes son os números e as enormes consecuencias humanas, económicas e sociais deste gravísimo problema. Por iso entendemos que sexa unha prioridade política para este Goberno, para este país, que implique a mobilización de todos, a mobilización social, para facer fronte ao excesivo prezo pagado polo xeito en que temos hoxe en día de desprazarnos. É necesario traballar por vertebrar unha auténtica política de seguridade na estrada, e iso é o que vostedes están facendo.

¿Cales son os elementos principais que están implicados nesta cuestión, na seguridade viaria? Son tres: o factor humano, é dicir, as persoas, o fundamental, o accidente é un feito imprevisible –un sinistro–, pero non evitable; a máquina, importantes, hai importantes innovacións na seguridade activa e pasiva dos vehículos; e a vía, mellorar as infraestruturas e traballar na prevención e na minoración das consecuencias. ¿E como se aborda este problema? Pois hai desde fai moito tempo distintas visións. Empezou, nas Nacións Unidas, alá polo ano 2003, unha resolución especial de preocupación polas vítimas. A Organización Mundial de Saúde e o Banco Mundial fixeron un informe sobre a accidentalidade e formas de preveír e reducir as repercusións. A seguridade na estrada é unha responsabilidade compartida. Decían tamén que era un problema multisectorial e de saúde pública; por primeira vez se dixo esto.

En Europa –á que vostede facía referencia, e eso é o noso frontispicio–, no ano 2003 apróbase o Programa de acción europeo de seguridade vial, e alí as liñas de actuación que se marcan son que non valen iniciativas illadas, un tratamento integral do problema multidisciplinar, fixar obxectivos concretos e cuantificados no tempo e identificar claramente as actuacións. E, efectivamente, iso é o que vostedes fixeron neste plan que hoxe nos presentan. Por certo, que a Comisión Europea elaborou tamén a Carta europea da seguridade viaria, cúa pretensión non era outra máis que a mobilización social.

En España tamén hai un Plan estratéxico de seguridade vial 2005-2008, márcanos unha folla de ruta, un tratamento integral e riguroso deste problema. Por certo, que tamén se apuntan plans de seguridade vial que teñen outras comunidades autónomas antes que a nosa: Euskadi, Cataluña, Andalucía, Castela-

León, Castela-A Mancha, Navarra e Valencia. Agora tamén nós nos podemos incorporar a este tren. Os derradeiros datos: conseguindo resultados; estamos conseguindo resultados certamente esperanzadores. E, sobre todo, o máis importante, que é posible salvar vidas e voltar das viaxes.

Tamén neste Parlamento, na lexislatura pasada, houbo moita preocupación por esta cuestión, na anterior lexislatura. Veño a recordar múltiples iniciativas que se trouxeron a esta Cámara sobre esta materia, pero, en concreto, unha interpelación do Grupo Parlamentario Socialista, que sempre tivo moi pendiente esta cuestión e naquelas, xa daquelas, decía o señor Rego, demandaba un plan de choque en seguridade vial, por certo, con escaso éxito.

No programa electoral do Partido Socialista, a nosa carta de identidade coa cal nos presentamos diante dos cidadanos, aí nós asumimos un compromiso, un compromiso cos nosos votantes, un contrato cos cidadáns. Queríamos unha política alternativa de seguridade vial, non nos gustaba a que había establecida, se é que había algunha. Queríamos que enfrontáramos o problema de frente, conquistar un cambio profundo de tendencia nesta cuestión. E, por fin, chega o compromiso do novo Goberno, do Goberno do cambio. No discurso de investidura do presidente da Xunta, do señor Touriño, xa nos fai o anuncio. Vese que hai sensibilidade por esta cuestión, vese claramente e se traslada que hai unha creencia no país e na capacidade de mellora das súas xentes. Promete e cumpre, pon os medios para conquistar un obxectivo: menos dramas nas estradas galegas. E a Consellería de Política Territorial, a súa consellería, asume os retos, señora conselleira. Porque vostede, cremos –e estamos seguros que como nós–, ten o convencemento de que é posible reducir a siniestralidade do asfalto, de que hai que loitar para que a

estrada non sexa un espacio de dor, de drama, de amargura. E para iso se puxo mans á obra, pero non agora, xa con anterioridade. Vostede falaba do Plan Labora, da campaña de concienciación que fixo, por certo, cun ganador do Tour de Francia, Óscar Pereiro, que nos decía aquilo que na estrada o importante non é chegar primeiro. Firmou un convenio coa Asociación Española da Carretera e fixo unhas xornadas no Pazo de Mariñán, que de aí xurde este Plan de seguridade viaria de Galicia 2006-2010.

¿Cal é o obxectivo? Vostede díxoo con toda claridade: reducir as mortes nun 40%, baseado nas particularidades deste país, porque si, somos un país distinto, somos un país diferente en canto á nosa ordenación territorial, á dispersión, á necesidade de moverse, á configuración da rede de estradas, á distribución do tráfico na rede viaria, á orografía do territorio, do clima, porque eiquí chove moito e o coidado do medio. Hai –o que se traslada neste plan–, hai unha nova visión, non se criminaliza aos condutores. Antes éralle moi habitual que os responsables políticos subiran a esta tribuna e que lle botaran as culpas sempre aos de enfrente. Agora non, agora edúcase, fórmase, conciénciase e pídesse tamén –como non pode ser doutro xeito– responsabilidade. Porque se pretende reducir o número de accidentes, diminuír a gravidade dos mesmos, porque neste país vostede dixo que morreran desde 1981 máis de 12.000 persoas. Iso, señora conselleira, é un pobo, unha vila enteira desta nosa Galicia.

Por iso creemos e apostamos para que este plan mude estas dramáticas consecuencias, e para iso se elaborou cunha metodoloxía especial: análise da mobilidade, análise da accidentalidade, recompilación de experiencias, entrevistas cos axentes implicados, posta en común de iniciativas. Elaborouse o plan e tamén se

estableceu unha pauta de seguimento do mesmo: comisión específica, avaliación constante.

Os ámbitos de actuación que vostede detallou perfectamente e que a nós nos gustaría destacar son: a educación viaria, que nos parece fundamental; o fomento do transporte público –isto para nós é vital, hai un novo modelo, incentivalo, necesitamos incentivalo, necesitamos promocionalo porque ata o de agora neste tema, como en moitos outros, tamén era unha leira que estaba absolutamente erma–; os peóns, que son os usuarios máis vulnerables; o binomio alcohol-condución; a rápida intervención médica; apoio ás vítimas –isto nos parece fundamental–; os motociclistas e a seguridade dos vehículos e a investigación. Anunciou vostede 74 medidas: a de educación e a formación viaria nos parece o pilar fundamental, fomentar as condutas máis responsables; o fomento –como xa dixen– do transporte público, xeneralizando o Noitebús; os plans de transporte metropolitano; a compatibilización do transporte ou o transporte á demanda; e a mellora do convenio con Renfe, impulso do servizo rexional que aí tamén temos que meterlle man, señora conselleira; mellora da seguridade das infraestruturas –vostede anunciou a construción de vías de alta capacidade, por certo, máis seguras, nós lle pedimos que sean máis seguras que rápidas, señora conselleira–; programas de variantes; separación de tráfico; acondicionamento de estradas de intensidade media de tráfico; sendas peonís; actuacións nos tramos de concentración de accidentes, é dicir, os chamados puntos negros; memoria da seguridade viaria e auditoría de sinalización, porque hai que auditar tamén as cousas que se fan.

Falounos de seguridade do vehículo, de formación viaria laboral e de mellora – algo que eu xa lle dixen que era fundamental para nós– do postaccidente, evitar o

que se chama a vitimización secundaria. E, por certo, falounos dun plan e nos explicou un plan onde está todo o Goberno de Galicia implicado na súa consecución. Porque neste, señora conselleira, nós tamén queremos converxer co resto do país e converxer, sobre todo, con Europa, porque neste tamén nos temos que subir ao tren da loita contra os accidentes de tráfico. A primeira vez que en Galicia se pensa, se planifica, en actuacións integrais para atallar este problema e se pensa nas persoas. Un investimento importante de máis de 2.800 millóns de euros farán posible que todas estas medidas de carácter multidisciplinar que vostede anunciou se poidan conseguir. Todos e todas temos moita confianza neste plan, que é moi ambicioso, e ten que servir para salvar as vidas que se derreten día a día no asfalto. Isto ten que servir para cambiar a resignación pola esperanza.

Nada máis e noraboa, señora conselleira. (*Aplausos.*)